



**7ª RECOLLIDA
DE**

NANOCONTOS
PAIS FONTEXÍA PFX

(CURSO 2014-15)

**NANOCONTOS
PREMIADOS**

1º PREMIO (CATEGORÍA A: 1º E 2º ESO)

E comeron perdices. Así acabou de ler o conto meu avó. Un tras outro. E eu aburríame dese final. Por que tiñan que acabar todos felices? E por que a princesa non casaba co malvado príncipe e o lobo non comía a Carapuchiña Vermella? Eu preguntábalo ao meu avó todas as noites e el dicíame que era para que os receptores da historia imaxinasen eles mesmos o final que quixesen. A min a idea nin me gustaba. Eu seguía coa idea dos finais tristes.

E o dragón comeu ao valente príncipe azul.

(Autor: Jesús Rodríguez González-1º ESO B)

2º PREMIO (CATEGORÍA A: 1º E 2º ESO)

E comeron perdices...

O rei e a raíña van casar,
o comezo ao final e o final xa chegará.
Comeza a lúa de mel e o banquete seguirá
pois esta é unha boda un tanto especial.
Chegamos á igrexa, como seguirá?
Primeiro o arroz e logo o cura a falar.
Preparamos a noiva antes de ir ao altar.
Despedida de solteira, que pasará?
Dous mozos coñecéronse mirando ao mar.

Era unha vez...

(Autora: Rosalía Caamaño Fernández-2º ESO B)

1º PREMIO (CATEGORÍA B: RESTO DE CURSOS)

De restaurante

E comeron perdices... Con cebola agria e brotes de nabo, nun prato cadrado grande co seu prebiño. Non puxeron pan. Éche cociña de autor: o cociñeiro expresa a súa creatividade.

De primeiro houbo espuma de mexillóns con caracois secados ao aire. Que sabor!

O mellor foi o postre: requeixo de leite de ovella sazonado con follas queimadas de fento. Unha marabilla!

E o café... Capuccino de morcilla con praliné de piñóns en espuma de pan. O pan non o vin, pero disque estaba.

Voume pasar pola casa de miña avoa, que os domingos fai o caldo. Só para saudala.

(Autora: Aldara Formoso Gómez-1º BAC B)

2º PREMIO (CATEGORÍA B: RESTO DE CURSOS)

E comeron perdices na soidade; nunha soidade tan amena e tan baleira como eles se sentían. Todos pertencían a contos distintos. A contos que xamais habían de ser contados, xa que a ninguén lle interesa saber a verdade das cousas. Ás veces os heroes son esquecidos. Ás veces as princesas non son salvadas. Ás veces son os malos quen gañan. E así sentaron todos á beira da escuridade e do olvido a disfrutar da que sería a súa derradeira cea.

(Autora: Sofía Sánchez Illesca-2º BAC B)